



A MORTE A TODOS IGUALA

IX CONCURSO DE CUENTOS REPSOL, S. A.

SEGUNDO PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autor: **Carlos Manuel Callón Torres**

ANO 1996

*«Pallida mors aequo pulsat pede pauperum
tabernas regunq̄ue turres».* (HORATIUS)

Don Saturnino xa ía vello e sabía que algún día non moi afastado o seu corpo deixaría de respirar, de moverse, de existir. Sabía tamén que polo seu rol sacerdotal tiña asegurada unha invitación como comensal ao lado do Pai (ou alomenos iso pensaba el). Agora ben, non quería morrer na memoria da súa parroquia aldeá. Quería e debía facer algo para que o seu recordo pervivira alén da súa vida.

Nun primeiro momento decidiu escribir unha novela. Cando xa se vía co seu nome cheo de sona e honra por todo o Estado, cun busto de mármore coa súa efixie adicado polos seus fregueses e se soñaba reco-llendo o Nobel de mans do rei de Suecia, ningunha editorial lle quixo a súa obra, deixándolle unha fonda dor aquela que lla devolveu calificándoa coas duras palabras de «simplista, pueril, ridícula e pedante».

Don Saturnino chorou moitos días o seu infortunio e castigou aos seus parroquianos cuns sermóns aínda, se cabe, máis directos e afiados do que el acostumaba. Rematadas as súas bagoas, estivo a piques de renovalas con alcohol, mais chegou á súa mente unha idea procedente dos beizos aqueloutradores do sacristán, coñecedor único das súas desgracias, que o evitaron.

—Mire, señor, unha novela lese con dificultade para logo ser esquecida, non só pola nosa memoria,

senón tamén pola popular. ¿Non lle sería mellor facer algunha reforma na capela, de tal xeito que as xeracións vindeiras saiban mediante elementos perdurabeis no tempo e no espacio da existencia noutrora da figura filántropa da súa mercé?

—Gracias, Vicente —así se chamaba o sacristán—, polo teu consolo. E por certo que ben se che nota, por como te expresas, de quen aprendiches a ler e escribir tanto a nosa lingua como a de Virxilio. Non me teñas máis en vilo e cóntame dunha vez que «elementos» tés pensado para eses cambios.

—Pois ben, a campá que temos para chamar a misa e tocar nos enterros ten un son opaco, apagado. Non viría mal unha nova, que a xente llo agradecería.

—É máis —atallou don Saturnino con énfase, continuando a idea do seu sacristán—, os siareiros deber ser quen a financien e non debe saír do meu peto nin un can, pois é para uso e gozo seu e máis dos seus descendentes, non algo do que eu vaia sacar proveito. Oe, e tamén poderíamos dicirlle a Xosé, o ferreiro, que nos puxera unha lámina de metal no sino —dixo o cura, chiscándolle un ollo ao seu leigo contertulio e completando, cheo de ilusión, a súa parrafada—, como recordatorio destes duros tempos presentes que no futuro se converterán en señardosos tempos pasados.

O sacristán foi casa por casa, pedindo en cada morada o que se quixera dar, poñendo a man esquerda para recibilo e a dereita para anotalo na detallada lista que levaba consigo. Moitas familias, sabendo que o

párroco sería coñecedor da cantidade entregada e, se era pouco, se transformarían no branco perfecto do sermón dominical, quedaron sen cear durante unha longa temporada, para así dar dabondo con que mercar a campá. Tamén pesaba nas súas decisións o feito de saberen que algún día lles chegaría a morte. De non daren, non tanguería por eles o sino anunciando a súa viaxe cara ao alén, véndose, xa que logo, obrigados a seren escravos dunha Santa Compañía de sufrimento e desesperación que vagaría por adros e camiños na espera dunha nova redención.

O sacristán pasou por tódolos lares e de todos saíu con algúns cartos máis para a campá na faltriqueira. Pero cando xa os cría ter todos visitados, lembrou supetamente que había un lugar polo que non pasara: a choupana do señor Daniel, un desgraciado ancián medio cego e criado pola caridade de toda a veciñanza. Desque lle falecera a muller sen deixar descendencia ou máis familia que un can vello que, ao pouco, tamén morreu de tristura, xa non era —aínda sendo un tópico dicilo— nin a sombra da persoa doutroira. Deste xeito, foi perdendo a vista e os azos de loita; a súa vida escapáraselle das mans. Nada tiña para dar e nada deus.

Cando o sacristán chegou onda don Saturnino, contoulle o acontecido: como pagaran todos, bardantes Daniel. O sacerdote non disimulou a súa carraxe e foi de contado facer unha anotación na ficha deste seu parroquiano, mentres rosmaba: «Dar, non dará; mais a campá tampouco tocará por el». Isto foino repetindo ao longo de toda a semana a todo canto fregués co que

se atopaba, así como nas prédicas que tan agudamente lanzaba dende o púlpito.

Os veciños ofrecéronse a cubriren economicamente entre todos o que o pobre ancián non podía pagar, mais era entón cando o señor Daniel se negaba, dicíndolles que se por el non repenicaban os sinos, ben podía algunha veciña tocar unha pandeirada, pois, ao fin e ao cabo, a morte para el era unha festa.

Pasaron os días e instalouse na capela unha campá chegada a duras penas da vila, dándoselle o alboroque na súa recepción da chapiña que xa comentara o párroco ao sacristán. Mentres, varios homes da aldea baixaban con traballos o sino vello, entregándollo a Xosé, o ferreiro, para que o fundira e fixera con el cáliz, patena, vinaxeiras, incensario, custodia e todo o material eclesiástico novo que puidera.

Mais Deus non é propiedade privada dos curas, e non viu con bos ollos o que nesta pequena aldea de xente agreste e labrega acontecía, polo que chamou a don Saturnino á súa presenza. Así, un día, dándose unha enchenta cos polos que os fregueses ofrecían a Xesús Cristo para que este lles amañara algún asunto (non debían saber que o Noso Señor non é clientelista), atragantóuselle un óso na gorxa, con tan mala sorte que alí mesmo deixou a súa parroquia e foi dar contas ao ser divino.

Ao seu enterro —oficiado polo sacerdote da aldea veciña en tanto non chegaba un substituto— acudiu toda a xente do lugar, incluso o amargurado señor

Daniel. Con tal panorama, o sepelio de don Saturnino viuse convertido no momento solemne, idóneo para inaugurar a campá. Ata estaba o homenaxeado (de corpo presente) para que isto se fixera na súa memoria.

Cando ía comezar o funeral e todas as veciñas e veciños se encontraban dentro da igrexa, foi Vicente tirar pola corda que, automática e mecanicamente, deixaría saír a esperada primeira badalada; mais algo non saíu ben e a campá, en troques de soar no seu sitio, soou estrondosamente contra o chan, onde, tras unha espectacular caída, rachou en centos de anacos.

A parroquia en pleno foi mirar o que acontecera. Ante o esmaio dalgunha beata, os aldeáns comezaron a murmurar que a campá non ía tocar polo pobre e por iso non tocou polo rico. Ata houbo quen propuxo ir buscar a pandeireta, pois parecía ese un sinal divino para que se fixera xustiza, pero o señor Daniel detivo a quen o dixo, argumentándolle que deixaran a este morto en paz e a reservar para o seu enterro.

Os anacos da campá —xunto coa chapiña conmemorativa— foron fundidos para facer unha nova. Deste xeito, non quedou de don Saturnino nin novela nin campá, mais perviviu na memoria popular, como era o seu anxeio, por ser un claro exemplo de que na fin da existencia non hai distincións ou favoritismos que vallan; que a morte, en definitiva, a todos iguala.